

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de xaneiro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(61).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 13 e extraordinaria e urxente do 16 de xaneiro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(62).-CONVENIO DE COLABORACIÓN DOA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2012, ASÍ COMO AS BASES DE PARTICIPACIÓN NOS DIFERENTES CONCURSOS. EXPTE. 4371/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.01.12, o informe de fiscalización, do 25.01.12, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda e a concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio, que se achega ó expediente, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2012, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291, e coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF- G-36.704.666.

2º.- Aprobar as Bases técnicas de participación e Convocatorias nos Concursos de Comparsas, Carrozas, Disfraces e Coplas da edición do Entroido 2012.

3º.- Autorizar un gasto total de 95.000,00 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido), a favor de:

- 30.092,00 euros, a favor da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF. G-36.704.666,

- 64.908,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais, CIF G-36.791.291.

4º.- Que se realice un primeiro pagamento a conta por importe total de 49.862,00 euros, correspondente ao 40% do importe de produción (30.092,00 euros) máis o importe íntegro dos premios dos concursos (19.770,00 euros).

5º.- Que os devanditos pagamentos se realicen pola conta habilitada de Festas (2080.5000.61.3110277249).”

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDIO 2012

Vigo,de de febreiro de dous mil doce,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO,

e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

e D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo social na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o Entroido é un dos eventos festivos populares máis participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista no canto de ser mera espectadora; a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco, etc..

3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización da programación de Festas do ENTROIDO que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de programa das actividades e bases dos diferentes concursos que se incorporan no anexo I deste convenio.

Segunda.- A programación do ENTROIDO levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación.

A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrência.

Terceira.-

1º.- O concello de Vigo establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos por importe de 95.000,00 euros para a produción do ENTROIDO, que se financiará con cargo ós créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, da partida 3380.227.9906 (convenio organización entroido), do vixente exercicio

económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas ás actividades realizadas; conforme as seguintes contías e mediante transferencia bancaria ás contas correntes:

- O 60% do importe da produción (45.138,00 euros) máis o 100% do importe dos premios (19.770,00 euros), que fan un total de 64.908,00 euros, á conta nº **2100.5912.48.0200021010** domiciliada na entidade La Caixa, da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291;
- O 40 % do importe da produción (30.092,00 euros) á conta nº 2080.5020.01.3040023621 domiciliada en NovaGalicia Banco, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666.

3º.- Ingresos á conta: co gallo de facilitar a administración e produción, tramitarase de oficio, un anticipo dun 40% das contías parciais de produción máis o importe total dos premios (49.862,00 euros), que se xustificará nos tres meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento de produción (45.138,00 euros) liquidarase previa a presentación da correspondente memoria e avaliación das actividades desenvolvidas, informe de execución comprensivo das accións realizadas e relacións dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar.

Cuarta.- Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas:

▣ Pola Agrupación de Centros deportivos e culturais:

Interlocutor titular: Roberto Giráldez Barbeitos.

Interlocutor suplente: Angélica Sío Vila.

▣ Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":

Interlocutor titular: Balbino Moreira Vallez.

Interlocutor suplente: Juan Carlos Padín Nieto.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, un técnico/a adscrito ao servizo de Festas.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portátiles ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para

o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Cultura e Festas, nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Quinta.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

- *Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*
- *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- *Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- *Contratar todos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:*
 - *Actuacións musicais, orquestras e grupos folk.*
 - *Valados de seguridade, escenarios, megafonía no percorrido dos desfiles, portófonos e outra necesaria.*
 - *Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido.*
 - *Escenografía do pregón e da entronización, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Momo.*
 - *Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil e xuvenil.*
 - *Servizos de primeiros auxilios.*
 - *Decoración dos palcos.*
 - *Reportaxe fotográfica*
 - *Agasallos aos membros dos xurados.*
 - *Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

5. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura e Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:

- 1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido.
- 20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.
- 1 lona para os fondos dos palcos, escenarios e percorridos, reproducindo o cartel do "Entroido 2012" e incorporando os logotipos das entidades colaboradoras e da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

6. Dotar a estes eventos do persoal voluntario necesario conforme ao seguinte:

- Os voluntarios deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que lles indique.
- Durante o desenvolvemento dos actos non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas.

7. Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.

8. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

9. Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

10. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

11. Presentar na Concellería de Cultura e Festas a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

12. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas. Neste sentido, esta concellería poderá facilitar á comisión organizadora o cartel referencial do Entroido que resulte gañador no concurso convocado ó efecto. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.

13. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido.

14. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

15. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen os desfiles de comparsas e enterro do Momo nos lugares de concentración e percorrido establecidos.

16. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas previstos, conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo III a este convenio.

Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO, segundo o presuposto que figura no anexo II.
2. A Concellería de Cultura e Festas xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias
3. Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO.

Sétima.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Oitava.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas nas propias actividades que se determinen.

Novena.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellería Cultura e Festas, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura e Festas.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

Décima.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ao orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.

Décimo primeira.- O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo segunda.- A concelleira da Área de Cultura e Festas queda facultada para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

POLO CONCELLO DE VIGO:

A concelleira delegada de Área de Cultura e Festas

Isaura Abelairas Rodríguez

POLA COMISIÓN ORGANIZADORA:

Agrupación de Centros
Deportivos e Culturais

Federación de Peñas recreativas
"El Olivo"

Roberto Giráldez Barbeitos

Balbino Moreira Vallez

PROGRAMACIÓN ENTROIDO 2012

VENRES, 17 DE FEBREIRO

Lugar PRAZA DA CONSTITUCIÓN

TREBOADAS E ANIMACIÓN DE RÚA

Hora: das 19:00 ás 21:00 horas

PREGÓN

Hora: 20:30 horas

ENTRONIZACIÓN DO REI E RAÍÑA DO ENTROIDO

Hora: 21:00 horas

CONCURSO/EXHIBICIÓN DE COPLAS

Hora: 21:15 horas

SÁBADO, 18 DE FEBREIRO

ANIMACIÓN DE RÚA (CHARANGAS, MURGAS, XIGANTES E CABEZUDOS)

Percorrido: URZÁIZ, PRÍNCIPE, PORTA DO SOL, CARRAL e PRAZA COMPOSTELA

Hora: 17:00 horas

CONCENTRACIÓN DA COMITIVA REXIA E ANIMACIÓN DE RÚA

Lugar: PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Hora: 17:00 horas

Percorrido: PRAZA CONSTITUCIÓN, PORTA DO SOL, PRÍNCIPE, COLÓN e PRAZA COMPOSTELA

RECEPCIÓN DA COMITIVA REXIA AO DEUS MOMO

Lugar: PRAZA COMPOSTELA

Hora: 17:30 horas

ANIMACIÓN DE RÚA COA GRANDIOSA COMPARSA DA COMITIVA REXIA E DEUS MOMO

Hora: 17:45 horas

Percorrido: PRAZA COMPOSTELA, COLÓN, GARCÍA BARBÓN e ISAAC PERAL (remate)

DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS

Lugar de concentración: GARCÍA BARBÓN (rotonda de Isaac Peral)

Hora de concentración: 17:00 horas

Hora de saída do desfile: 18:00 horas

Percorrido: GARCÍA BARBÓN (dende a rotonda de ISAAC PERAL), POLICARPO SANZ e PORTA DO SOL (remate)

VERBENA

Lugar: PORTA DO SOL

Hora: a partir das 22:30 horas (dúas orquestras)

DOMINGO, 19 DE FEBREIRO

ENTROIDO INFANTIL

Lugar: PRAZA DE COMPOSTELA

Hora: das 17:00 ás 20:00 horas

ANIMACIÓNS E ACTIVIDADES LÚDICAS INFANTÍS, OBRADOIROS, XOGOS TRADICIONAIS POPULARES,....

LUNS, 20 DE FEBREIRO

ENTROIDO INFANTIL

Lugar: PRAZA DE COMPOSTELA

Hora: das 17:00 ás 20:00 horas

ANIMACIÓNS E ACTIVIDADES LÚDICAS INFANTÍS, OBRADOIROS, XOGOS TRADICIONAIS POPULARES,....

MARTES, 21 DE FEBREIRO

CONCENTRACIÓN DA COMITIVA REXIA E ANIMACIÓN DE RÚA

Lugar: PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Hora: 17:30 horas

Percorrido: PRAZA CONSTITUCIÓN, PORTA DO SOL, PRÍNCIPE, COLÓN e PRAZA COMPOSTELA

ACTO REXIO DE HOMENAXE E BICAMÁNS AO DEUS MOMO. ESVACEMENTO E AGONÍA DO DEUS MOMO.

Lugar: PRAZA DE COMPOSTELA

Hora: 18:00 horas

CONCURSO DE DISFRACES

Lugar: PRAZA COMPOSTELA (CATAFALCO)

Hora: das 18:30 ás 20:30 horas

Horario de inscrición: de 17:00 a 18:00 horas (CARPA)

VERBENA

Lugar: PORTA DO SOL

Horas: 1º PASE de 22:15 a 23:45 horas / 2º PASE de 00:30 a 02:00 horas

ANUNCIO DO FALECIMENTO DO DEUS MOMO E LECTURA DO TESTAMENTO A PROL DO SEU FILLO MOMIÑO. XUÍZO, SENTENZA E QUEIMA DO REI E RAIÑA DO ENTROIDO

Lugar: PORTA DO SOL

Hora: 23:30 horas

MÉRCORES, 22 DE FEBREIRO

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS

Lugar: PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Hora: 18:00 horas

ACOMPAÑAMENTO E DÓ DA COMITIVA

Hora: 18:30 horas

Percorrido: PRAZA DA CONSTITUCIÓN, PORTA DO SOL, PRÍNCIPE, COLÓN e POLICARPO SANZ (Remate: PORTA DO SOL)

SEPELIO DO DEUS MOMO

Lugar: PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Hora: 19:30 horas

OFICIOS LAICOS:

RESPONSOS, SERMÓNS, CANTOS SOLEMNES, SEPELIO COA ELEVACIÓN AO OLIMPO,
DAS CINZAS, NOTAS E DISPOSICIÓNS.
LECTURA DA ACTA DO XURADO DOS PREMIOS DOS CONCURSOS
REMATE CO BERRO FINAL "QUE MAL RAIO O PARTA".

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO "ENTROIDO 2012".

Primeira.- A Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2012 convocan o tradicional concurso de comparsas e carrozas que se realizará o sábado 18 de febreiro, dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido. Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 30 persoas.

Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día 3 de febreiro ata as 13:30 horas do día 11 de febreiro do ano 2012. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e nas web municipal (www.vigo.org) e www.vigocultura.org.

Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

PREMIOS XERAIS:

- 1º PREMIO: 2.500,00 euros
- 2º PREMIO: 2.000,00 euros
- 3º PREMIO: 1.500,00 euros

PREMIOS ESPECIAIS: *Un premio especial a seguinte categoría, non acumulable aos 3 primeiros premios:*

- MELLOR CARROZA: 1.000,00 euros

14 ACCÉSIT non acumulables aos tres primeiros premios, nin ao premio especial de:

- 500,00 euros para aquelas comparsas entre 30 e 50 compoñentes.
- 600,00 euros para aquelas comparsas entre 51 e 80 compoñentes.
- 700,00 euros para aquelas comparsas que teñan mais de 80 compoñentes.

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará o mércores día 15 de febreiro, ás 12:00 horas, no auditorio municipal do Concello (Praza do Rei, 1).

Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.

Quinta.- A concentración e o desfile das comparsas inscritas farase o sábado 18 de febreiro nos seguintes lugares e horas:

► **CONCENTRACIÓN (17:00 horas):** *García Barbón (rotonda de Isaac Peral)*

► **DESFILE (18:00 horas):** *percorrido de García Barbón (dende rotonda Isaac Peral), Policarpo Sanz, Porta do Sol (remate)*

Sexta.- *As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora:*

Longo: 8'00 m. / Largo: 3'50 m. / Alto: 4'50 m.

En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra algunha destas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...),

Sétima.- *A valoración dos criterios dos concursos estará determinada polo xurado, que estará composto por:*

PRESIDENTE: *Concelleira de Cultura e Festas, ou persoa en quen delegue.*

VOCAIS: *Tres persoas vencelladas as artes creativas, medios de comunicación, cultura, etc.*

Un membro da comisión organizadora do Entroido.

SECRETARIO/A: *Un técnico/a da Concellería de Cultura e Festas, con voz e sen voto.*

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas avaliación e cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, coreografías e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

As persoas membros do xurado avaliarán as comparsas participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar, non habendo un palco de xurado.

Oitava.- *As comparsas inscritas poderán participar o día 18 de febreiro no desfile de comparsas e carrozas, e no cortexo de acompañamento as cinzas do Meco.*

Novena.- *A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do sepelio do deus Momo que terá lugar na praza da Constitución o mércores 22 de febreiro, ás 19:30 horas.*

Décima.- *A concelleira de Cultura e Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.*

Décimo primeira.- *A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.*

CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2011
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS

NIF ENDEREZO

NÚM PISO LETRA CP.

LOCALIDADE..... TELÉFONO.....

FAX

Correo electrónico:@.....

EN REPRESENTACIÓN:

de si mesmo

Nº conta bancaria (20 díxitos) Banco

Oficina

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade

denominada

CIF ENDEREZO

NÚM PISO LETRA CP.

LOCALIDADE..... TELÉFONO.....

FAX

Correo electrónico:@.....

Nº conta bancaria (20 díxitos) Banco

Oficina

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

.....

Número de compoñentes da comparsa (mínimo de 30)

¿Presenta carroza?

En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:

ALTO LARGO LONGO

(Ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)

¿Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóbiles...)?

En caso afirmativo, indicar cales e o seu número

Vigo, de de 2012

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidírase mediante sorteo público o día 15 de febreiro ás 12:00 horas, no auditorio municipal do Concello (Praza do Rei, 1).

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COPLAS DO “ENTROIDO 2012”

Primeira.- A Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2012 convocan o concurso de coplas que se realizará, dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido, o venres 17 de febreiro, na praza da Constitución ás 21,30 horas. Neste concurso poderán inscribirse todos aqueles grupos de persoas maiores de doce anos, agrupadas nun mínimo de 6 e máximo de 25 compoñentes. Os compoñentes dunha agrupación non poderán participar noutro grupo distinto. O número máximo de grupos participantes queda limitado a oito, que se seleccionarán por rigorosa orde de inscrición.

Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día 3 de febreiro ata as 13:30 horas do día 11 de febreiro do ano 2012. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Xunto á inscrición achegaranse as letras das coplas e un listado co nome e idade dos compoñentes.

A orde de actuación será por estrita orde de inscrición no concurso.

Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

- 1º PREMIO: 600,00 euros.
- 2º PREMIO: 400,00 euros
- 3º PREMIO: 200,00 euros
- 3 ACCÉSIT non acumulables ós premios anteriores de 150,00 euros

Calquera destes premios poderá quedar deserto se así o considera o xurado.

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A composición das coplas será libre, cun mínimo de 4 estrofas, con interpretación acompañada de música.

Cada agrupación poderá presentar un máximo de dúas coplas.

Quinta.- As letras terán que ser integramente en galego.

Sexta.- Valorase o enxeño e humor das letras, así como a posta en escena, composición e instrumentalización das mesmas.

Sétima.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto no lugar da interpretación, que estará composto por:

- PRESIDENTE:** Concelleira de Cultura e Festas, ou persoa en quen delegue.
- VOCAIS:** Tres persoas vencelladas as artes creativas, medios de comunicación, cultura...
Un membro da comisión organizadora do Entroido.
- SECRETARIO/A:** Un técnico/a da Concellería de Cultura e Festas , con voz e sen voto.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, composición de letras, vestiario, orixinalidade, coreografías, etc.

Oitava.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do sepelio do deus Momo que terá lugar na praza da Constitución o mércores 22 de febreiro, ás 19:30 horas.

Novena .- A concelleira de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décima.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO 2012 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS
NIF ENDEREZO
NÚM PISO LETRA CP.
LOCALIDADE..... TELÉFONO.....
FAX
Correo electrónico:@.....

EN REPRESENTACIÓN:

de si mesmo

Nº conta bancaria (20 díxitos) Banco
Oficina

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da

entidade

denominada

CIF ENDEREZO

NÚM PISO LETRA CP.

LOCALIDADE..... TELÉFONO.....

FAX

Correo electrónico:@.....

Nº conta bancaria (20 díxitos) Banco
Oficina

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición do grupo

Número de coplas que presenta (máximo dúas)

Título I: Nº estrofas

Título II: Nº estrofas

ACHEGA

Letras das coplas

Listado con nome, apelidos e idade dos compoñentes.

Vigo, de de 2012

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

A orde de actuación será por estrita orde de inscrición no concurso.

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2012.

Primeira.- A Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2012 convocan o Concurso de disfraces, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido na Praza de Compostela o martes día 21 de febreiro ás 18:30 horas.

Segunda.- As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día, entre ás 17:00 horas e as 18:00 horas, na Praza de Compostela. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Terceira.- Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

PRIMERIOS PREMIOS:

- *Bono regalo por importe de 100,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).*
- *100,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).*
- *Bono regalo por importe de 200,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).*
- *200,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)*

SEGUNDOS PREMIOS:

- *Bono regalo por importe de 75,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).*
- *75,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).*

- Bono regalo por importe de 100,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 100,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)

TERCEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 50,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 50,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).
- Bono regalo por importe de 75,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 75,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)

ACCESIT: 4 accésit (un para cada categoría) por importe de 30,00 euros cada un (no caso dos accésit infantís será por bono regalo polo correspondente valor).

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto na praza de Compostela, que estará composto por:

PRESIDENTE:	Concelleira de Cultura e Festas, ou persoa en quen delegue.
VOCAIS:	Dous membros da comisión organizadora do Entroido 2012.
SECRETARIO/A:	Un técnico/a da Concellería de Cultura e Festas, con voz e sen voto.

Quinta .- A concelleira de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sexta.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelabel.

3(63).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 429/07 P.A. Demandante: MODESTO VÁZQUEZ E S.N. DE CC.OO DE GALICIA. Obxecto: Resolución do 21.08.07, prazas suboficial Bombeiros. Estimación parcial, anula o acto e retrotrae o procedemento, confirmada en recurso de apelación 254/09 TSXG. Incidente Executorio auto 15.10.2010,

contencioso nº 2 de Vigo, declara completamente executada a sentenza. Apelación 786/10, sentenza 1129, 2.11.2011. Desestima o recurso de apelación. Expte. 3942/111.

b) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 273/11 P.A. Demandante: EUGENIA HONORATO LORENZO. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que estima o recurso, anula a sanción con condena á devolución actualizada, se fose o caso, e condena en custas ao Concello. Expte. 7034/111.

c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 208/2011 P.A. Demandante: JULIAN MÍGUEZ BALSEIRO. Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos por caída de árbore. Esta sentenza estima o recurso, anula o acto presunto desestimatorio e declara a existencia de responsabilidade imputada a CESPAS S.A. Expte. 6829/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 315/2011 P.A. Demandante: AXA SEGUROS GENERALES, S.A. Obxecto: danos en locais por auga. Sentenza que estima parcialmente o recurso, anula o acto e condena ao Concello ao pagamento de 548, 50 euros máis xuros legais. Expte. 6842/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 268/2011 P.A. Demandante: ANA MARÍA QUIROS GARCIA. Obxecto: solicitude de flexibilización horaria. Esta sentenza estima parcialmente o recurso nos termos sinalados no fallo. Expte. 6963/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 218/2011 P.A. Demandante: MAFRE SEGUROS EMPRESAS S.A. Obxecto: Resolución do 21.6.2011, imputación á aseguradora municipal de indemnización, interpretación de contrato de aseguramento do Concello, exclusión de danos ambientais. Sentenza firme, estima o recurso e anula o acto. Expte. 6952/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 377/2011 P.A. Demandante: MARCELINO SILVEIRA CURRÁS. Obxecto: Resolución do 27.7.2011 sanción de tráfico. Sentenza que estima o recurso e anula a sanción imposta. Expte. 6951/111.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 285/2011 P.A. Demandante: RAQUEL SILVA FERNÁNDEZ. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que estima o recurso e anula a sanción imposta. Expte. 6811/111.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 343/2011 P.A. Demandante: MARÍA LUZ FERNÁNDEZ CASTRO. Obxecto:

sanción de tráfico. Sentenza firme que estima o recurso e anula a sanción imposta. Expte. 6893/111.

k) Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo, xuízo ordinario nº 856/2011. Demandante: ARACELI ABALDE FERNÁNDEZ. Obxecto: despido. Sentenza, non firme, estima a demanda da actora. Expte. 6878/111.

l) Sentenza do Tribunal Supremo no RC-A nº 02/4546/2001. Recurso de Casación. Sentenza ditada en recurso de casación 1571/2006, desestima o recurso promovido por TELEFÓNICA MOVILES DE ESPAÑA S.A. Expte. 2280/111.

m) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento abreviado nº 444/2011. Demandante: BEATRIZ DAVILA COSTAS. Obxecto: Resolución do 1.09.2011. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7011/111.

n) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento abreviado nº 458/2011. Demandante: FELIX EXPÓSITO FERNÁNDEZ. Sentenza firme, estima parcialmente a pretensión de resarcimento dos danos causados na persoa do demandante. Expte. 7056/11.

o) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento abreviado nº 453/2011. Demandante: MARÍA JOSE VELASCO DOLDAN. Sentenza firme que desestima a pretensión de resarcimento dos danos causados na persoa do demandante. Expte. 7046/111.

p) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento abreviado nº 291/2011. Demandante: VIDAL ESTEVEZ ESTEVEZ. Sentenza firme que estima parcialmente o recurso presentado polo actor. Expte. 7064/111.

4(64).-DESESTIMACIÓN DO RECURSO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CONSUMIDORES E USUARIOS-CENTRO SOCIAL, CULTURAL E RECREATIVO DE BEADE. EXPTE. 70358/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 11.01.12, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar o recurso da Asociación de veciños, consumidores e usuarios-Centro social, cultural e recreativo-Beadé, CIF G36632081, por non alegar novos motivos que desvirtúen o contido do acordo da Xunta de Goberno local tomado o 14 de outubro de 2011, polo que a subvención foi desestimada, ratificando polo tanto as causas de desestimación da mesma: "por ter unha canle máis específica de

subvención con outras áreas de Concello de Vigo”; e por “ter unha escasa relevancia ou carecer de interese dentro do ámbito propio dos Servizos Sociais”.

5(65).-AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO III DUATLON CROSS MÁMOA DE CANDEAN. EXPTE. 11010/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 2.01.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Triatlón Mar de Vigo, levar a cabo o evento deportivo denominado III DUATLÓN CROSS MAMOA DE CANDEÁN ” o vindeiro domingo 5 de febreiro de 2012, este evento terá lugar no Parque Forestal do Vixiador a partir das 11.00 horas e rematará arredor das 14.00 horas, dita proba se levará a cabo no Parque Forestal do Vixiador”

6(66).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA PINTOR COLMEIRO (TRAMO RÚA TARRAGONA-ÁLVARO CUNQUEIRO). EXPTE. 2055/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “Humanización rúa Pintor Colmeiro. Tramo: rúa Tarragona-Álvaro Cunqueiro” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

7(67).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN AVDA. RAMÓN NIETO. FASE II. EXPTE. 2056/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización Avda. Ramón Nieto II, na cidade de Vigo” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

8(68).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA BRASIL. EXPTE. 2055/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Brasil” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

9(69).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR DE EDIFICACIÓN COMA ESCOLA INFANTIL NA RÚA MESTRES GOLDAR. EXPTE. 2058/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “Básico e de execución de reforma interior de edificación como Escola Infantil na rúa Mestres Goldar do Concello de Vigo aos Técnicos Municipais: D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO e Dna. BEATRIZ ALONSO ASENJO.

10(70).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA NICARAGUA. EXPTE. 2059/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Nicaragua” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

11(71).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 2060/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Menéndez Pelayo” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

12(72).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR MARAÑÓN. EXPTE. 2061/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Doutor Marañón” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

13(73).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II. EXPTE. 2062/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Martínez Garrido. Fase II” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

14(74).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DE HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE II. EXPTE. 2063/443.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra “humanización da rúa Aragón. Fase II” aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

15(75).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA, CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO MAGOSTO NA PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 81571/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 20 de outubro de 2011 pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA CIF G-36842284 con motivo da celebración dun magosto na praza da Miñooca en data 05 de novembro de 2011 por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración por non producirse danos na vía pública.

16(76).- ALLEAMENTO DE 104 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3966/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de contratación, do 17.01.12, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 104 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

"D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 104 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 104 vehículos.

2.- Propón como prezo para a compra dos 104 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador."

17(77).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A ORECO S.A. EXPTE. 3958/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 12.01.12 e o informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 17.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ORECO S.A. a fianza de 4.856,48 € constituída para responder da reforma do departamento de Benestar Social, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 18.09.2008 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

18(78).- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO DE APARCADOIROS E LOCAIS BAIXO A DENOMINADA PRAZA ELÍPTICA, CONSTRUCCIÓN DOS MESMOS E ALLEAMENTO DO DEREITO DE SUPERFICIE. EXPTE. 18389/240.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.01.12, conformado polo xefe da Área de Contratación e pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) .*
- *Decreto de 9 de xaneiro de 1953 que aproba o Regulamento de contratación das Corporacións locais (RCCL).*
- *Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).*
- *Decreto 3470/1975, de 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de contratación do Estado (RGCE).*
- *Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *R.D. Legislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (LS).*
- *Código Civil, aprobado polo Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).*
- *Regulamento Hipotecario, aprobado por Decreto de 14 de febreiro de 1947.*
- *Prego de condicións para a elaboración do proxecto de aparcamento e locais para usos terciarios baixo a denominada praza Elíptica, a construción dos mesmos, o alleamento do dereito de superficie con destino a aparcamento e usos terciarios baixo a praza Elíptica e a execución da urbanización do PERI da citada praza, aprobado polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo en data 30 de setembro de 1992 (PCPE).*

Antecedentes:

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión do día 3 de xullo de 1997, acordou resolver a relación contractual que unía ó Concello de Vigo con INMIGA, S.L., por incumprimento culpable imputable a esta mercantil das obrigas contractuais de prestación da garantía definitiva e de cumprimento dos prazos de execución establecidos no prego de condicións.

Tras a resolución do contrato con INMIGA, S.L. se procedeu á elaboración dun novo prego de condicións administrativas, aprobado por acordo plenario de data 27 de xaneiro de 1998, e a unha nova adxudicación. Así, o Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de maio de 1998, acordou adxudicar en réxime de dominio público a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 a PRAZADOURO, S.L., por un período de 99 anos.

Por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 11 de novembro de 2004, ditada no recurso administrativo 02/0006149/1998, se anuláron os acordos plenarios de datas 29 de maio de 1998 e 27 de xaneiro de 1998 aprobatorios, respectivamente, da adxudicación da concesión administrativa de dominio público da Praza Elíptica e do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares con base ó cal se adoptou tal acordo de adxudicación, fundamentándose esta anulación no enriquecemento inxusto de PRAZADOURO, S.L. ó terse feito cargo, tras a adxudicación da concesión, da obra xa executada por INMIGA, S.L., na Praza Elíptica sen ter aboado a totalidade do seu valor. No marco das actuacións levadas a cabo por esta Administración para a execución da citada sentenza se puxo de releve a falla de liquidación da relación contractual entre o Concello e INMIGA, S.L.

Por Decreto do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 1 de agosto de 2008 acordouse a incoación de expediente contradictorio para a liquidación do contrato entre o Concello e INMIGA, S.L.

No curso da tramitación do presente expediente, se realizaron, entre outras, as seguintes actuacións:

- *Informe do Adxunto ó Director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 14 de febreiro e 3 de decembro de 2008 e 2009.*

- *Escritos da mercantil ORECO, S.A., de datas 23 de maio e 12 de novembro de 2009, aportando a documentación relativa os xuízos executivos seguidos contra INMIGA, S.L., por mor das débedas relativas as obras de construción da Praza Elíptica.*
- *Informe do vocal do Tribunal Económico-administrativo do Concello de Vigo, de data 19 de xaneiro de 2009.*
- *Informe do superintendente da Policía Local, de data 10 de xuño de 2009.*
- *Informe do tesoureiro municipal, de data 11 de setembro de 2009.*
- *Informe do Titular da Asesoría Xurídica do Concello, de data 16 de setembro de 2009.*

Unha vez finalizada a tramitación do expediente evacuouse trámite de audiencia INMIGA, S.L., e a mercantil VICTORIANO MOLDES RUIBAL, S.A., sen que formularsen alegacións dentro do prazo concedido ó efecto.

Fundamentos xurídicos:

-I-

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 31 de agosto de 1994, acordou adxudicar a INMIGA, S.L. o concurso para a elaboración do proxecto de aparcamento e locais para usos terciarios baixo a denominada praza Elíptica, a construción dos mesmos, o alleamento do dereito de superficie con destino a aparcamento e usos terciarios baixo a praza Elíptica e a execución da urbanización do PERI da citada praza, segundo o prego de condicións aprobado na sesión plenaria de 30 de setembro de 1992 e a oferta presentada. Este contrato non se formalizou por escrito pola falta da prestación da garantía definitiva.

En uso da prerrogativa de decisión unilateral e executoria de resolución dos contratos (artigos 18 e 19 LCE, 50 e 54 RGCE, 2.1 e 71 RCCL), e con cumprimento dos requisitos legais esixidos de previa audiencia do contratista e informe do Consello Consultivo de Galicia ó terse formulado oposición por parte do mesmo (artigos 45 LCE), polo acordo plenario de data 3 de xullo de 1997 se acordou a resolución do devandito contrato, motivada pola concorrencia das seguintes causas: falta da prestación da garantía definitiva (artigos 118 LCE, 361 RGCE e 73.2 RCCL) e incumprimento dos prazos de execución (artigos 45 LCE e 137 RGCE).

-II-

Resolto o contrato é mester proceder á liquidación do mesmo (artigo 179 RGCE).

No presente caso, antes de proceder a efectuar as operacións liquidatorias é preciso determinar dos cuestións previas: a natureza do contrato e a lexislación aplicable á liquidación.

Respecto á natureza do presente contrato temos que por de releve que se trata dun contrato administrativo mixto, que abranque diversas prestacións:

- a) A elaboración dun proxecto de aparcamento e locais para usos terciarios baixo a denominada praza Elíptica e a posterior construción dos mesmos.*
- b) A execución da urbanización do PERI da citada praza.*
- c) O alleamento do dereito de superficie con destino a aparcamento e usos terciarios baixo a praza Elíptica.*

As prestacións enumeradas no apartado a poderían englobarse no obxecto dun contrato de obras, as do b responden a un convenio urbanístico e as do apartado c se refiren a constitución dun dereito real previsto na lexislación do solo (artigos 287- 290 LS).

Respecto á lexislación aplicable á liquidación, temos que por de releve que os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no

momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC):

- Lei de Contratos do Estado -LCE-, texto articulado de 8 de abril de 1965.*
- Regulamento Xeral de Contratación do Estado aprobado por Decreto 3410/1975, de 25 de novembro.*
- Regulamento de Contratación das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953).*

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse.

En definitiva, o exercicio das prerrogativas administrativas no seno do contrato, e a de resolución é unha delas, deberá exercitarse cos trámites requiridos pola Lei 13/1995, lexislación a sazón vixente no momento no que o pleno municipal acordou a resolución do contrato que nos ocupa.

No entanto, con respecto ó dereito de superficie e o convenio urbanístico a normativa de aplicación será o R.D. Lexislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.

-III-

Para determinar as partidas que deberían formar parte do activo e o pasivo da mercantil INMIGA na liquidación, hai que ter en conta os preceptos do prego referidos á resolución. Así, a cláusula 37 consigna como causas de resolución as previstas nos artigos 52 LCE e 157 RCE e puntualiza que, no caso de resolución culpable imputable ó contratista, se lle incautará a fianza e deberá indemnizar á Corporación por razón dos danos e prexuízos ocasionados (no mesmo senso artigos 53 LCE; 160 RGCE; 97.1 e 225 CCL e 114 apartados 4 e 5 en relación co artigo 44 LCAP).

O comentario ó precepto transcrito suxire as seguintes consideracións:

- En primeiro lugar que os danos e prexuízos indemnizables polo contratista, en caso de resolución por causa imputable ó mesmo, son os efectivamente sufridos pola Administración contratante. No caso que contemplamos, unha das partidas facilmente acreditable que debe integrar a indemnización de danos e prexuízos constitúea a diferenza entre o importe do contrato adxudicado que se resolve e o novo importe polo que se adxudique o contrato posterior, pois se esta diferenza non se abonase, á Administración soportaría inxustificadamente uns gastos que entran de cheo na categoría de danos e prexuízos indemnizables.*
- En segundo lugar, que os danos e prexuízos deben facerse efectivos mediante a incautación da garantía e en canto excedan do importe da garantía incautada procederá a súa indemnización independente. Por acordo plenario de 3 de xullo de 1997 se incautou a fianza provisional constituída pola adxudicataria por importe de 5. 000. 000 de pesetas (30. 050, 61 €).*

No citado acordo plenario de 3 de xullo de 1997 se determinaba que “extinguida a referida relación contractual (a que unía ó Concello de Vigo coa empresa INMIGA, S.L.), é de aplicación o disposto, entre outros efectos, no anexo II.5.2 do Prego de condicións que serviu de base para a súa adxudicación, relativo á entrega do edificado á favor do Concello no prazo previsto” (apartado cuarto). Efectivamente, no Anexo II do PCPE que regula as “Condicións que rexerán a enaxenación do dereito de superficie na Praza Elíptica” a cláusula 5 relativa a extinción do dereito de superficie, no seu apartado 2º prevé que “Extinguido o dereito de superficie, ben por cumprimento do prazo, ben por calquera outra causa, o dono do solo fará súa a propiedade do edificado, sen que por isto deba abonar indemnización ningunha. A tal fin o adxudicatario e quen traia causa do mesmo entregará, dentro dos trinta días seguintes á notificación da extinción da concesión, ó Concello de Vigo a totalidade do edificado, en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga, gravame o arrendamento”. Estabelece así o PCPE penalidades a satisfacer polo contratista á administración contratante pola comisión de faltas. Se trata dunha

estipulación de carácter accesorio, debidamente plasmada no contrato, coa finalidade de asegurar o cumprimento da obrigaçión principal. Este réxime sancionador constitúe lei do contrato ó haberse sometido ó mesmo o contratista coa aceptación do contrato. Máis, tal como pon de releve a xurisprudencia, esta cláusula resulta incompatible coa liquidación de danos e prexuízos (entre outras STS de 20 de febreiro de 1987 e 12 de novembro de 1990). Sen embargo, dada a natureza do dereito de superficie, no presente caso non resulta posible a súa aplicación polas razóns que pasaremos a expoñer.

O dereito real de superficie atribúe ó superficiario a facultade de realizar construcións ou edificacións nun terreo alleo, mantendo a propiedade temporal das construcións ou edificacións realizadas.

Para que o dereito de superficie quede validamente constituído requírese a súa formalización en escritura pública e a inscrición desta no Rexistro da Propiedade. Así, o artigo 288.2 LS requiría para a constitución do dereito de superficie a súa formalización en escritura pública e, como requisito constitutivo de eficacia, a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, e o artigo 16.1 do Regulamento Hipotecario, coa redacción vixente no momento da adxudicación do contrato obxecto da presente liquidación, proclamaba que para a eficacia do dereito de superficie a favor do superficiario este tiña que estar inscrito, e perfilaba os requisitos que tiña que conter o título para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Ó ser considerada a inscrición constitutiva do dereito de superficie, no caso que nos ocupa temos que soste que non naceu o dereito de superficie sobre a obra construída na denominada Praza Elíptica, pois nin sequera chegou a formalizarse o contrato, nin en documento administrativo nin en escritura pública.

Dado que o dereito de superficie non naceu, nin tampouco se executou a urbanización do PERI da praza Elíptica, a xuízo da informante, procede realizar a liquidación do presente contrato como se se tratase exclusivamente dun contrato de obras.

-IV-

Segundo a lexislación aplicable, resolto un contrato de obras se procederá a súa liquidación polo órgano da administración encargado da súa vixilancia e dirección (artigos 53 LCE e 168 RGCE).

Nos supostos de resolución, a Administración abonará ó contratista, en todo caso, o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que restase para a reversión (artigo 76 LCE e 170 LCAP).

Procede, en consecuencia, para liquidar o presente contrato determinar o importe do activo e do pasivo a favor de INMIGA, S.L.

- ACTIVO

Comecemos por fixar o activo a favor de INMIGA, S.L. Este está constituído polo valor da obra executada no momento da resolución do contrato. A obra medida polos servizos técnicos municipais na data da resolución do contrato ascendía a 466.519.084 pesetas (2.803.836,16 euros), segundo as certificacións expedidas durante o período de execución da mesma, así consta no informe da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 03/12/2008. Esta cantidade se desglosa en:

- 45.267.780 pesetas (272.064,84 euros) en concepto de traballos de escavación executados pola empresa EXCAVACIONES MINIÑO COSTAS, S.L.*
- 421.251.296 pesetas (2.531.771,28 euros) en concepto de obras de construción executadas pola empresa ORECO, S.A.*

No entanto, parte do importe destas obras non lle foi abonada as citadas mercantís. Segundo resulta acreditado no expediente, as débedas que INMIGA, S.L. tiña por razón das mesmas eran as que seguen:

- Con EXCAVACIONES MINIÑO COSTAS, S.L., polas obras de escavación do centro comercial, a cantidade de 2.600.000 pesetas, dos que 358.620 Ptas. corresponderían ó IVE, resultando una débeda de 2.241.379 pesetas (13.470,96 euros).
- Coa construtora ORECO, S.A., polas obras de construción do centro comercial resultan as débedas declaradas por sentenza firme que de seguido se relacionan:

1.- Débeda por importe de 92.864.701 pesetas -558.128,094 euros- (IVE incluído), declarada por sentenza ditada no xuízo executivo núm. 870/1995, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 dos de Vigo, en concepto de principal, custas e gastos por impago de certificacións de obra da construción do centro comercial da Praza Elíptica.

Actualizando os xuros legais devengados á data de 22 de xullo de 1998, en que se extinguiu a débeda, e deducindo o IVE correspondente, resulta un importe de 84.175.713,985 pesetas (505.906,23 euros).

2.- Débeda por importe de 73.601.634 pesetas -442.354,729 euros- (IVE incluído), declarada por sentenza ditada no xuízo executivo núm. 845/1995, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 7 dos de Vigo, en concepto de principal, custas e gastos por impago de certificacións de obra da construción do centro comercial da Praza Elíptica.

Actualizando os xuros legais devengados á data de 22 de xullo de 1998, en que se extinguiu a débeda, e deducindo o IVE correspondente, resulta un importe de 66.745.446,064 pesetas (401.148,21 euros).

3.- Débeda por importe de 73.904.203 pesetas -444.173,206 euros- (IVE incluído), declarada por sentenza ditada no xuízo executivo núm. 432/1996, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 1 dos de Vigo, en concepto de principal, custas e gastos por impago de certificacións de obra da construción do centro comercial da Praza Elíptica.

Actualizando os xuros legais devengados á data de 22 de xullo de 1998, en que se extinguiu a débeda, e deducindo o IVE correspondente, resulta un importe de 67.008.553,915 pesetas (402.729,52 euros).

4.- Débeda por importe de 133.653.638 pesetas -803.274,542 euros- (IVE incluído), declarada por sentenza ditada no xuízo de menor contía núm. 831/1996, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 7 dos de Vigo, en concepto de principal, custas e gastos polo impago da última certificación de obra e o adebedado por ascensores e escaleiras mecánicas “que de forma particularizada —di a sentenza— foron deseñados e concibidos” para o proxecto de centro comercial de Inmiga, S.L.; escaleiras e ascensores que finalmente resultaron inproveitables para o centro comercial executado por Prazadouro, S.L., devindo, daquela, o seu custe de adquisición en gasto inútil para a construtora.

Engadindo os xuros legais devengados desde a reclamación xudicial da débeda en abril de 2006 ata o 22 de xullo de 1998, en que se extinguiu esta, e deducindo o IVE correspondente, resulta un importe de 142.218.232,173 pesetas (854.748,79 euros).

En total as citadas débedas ascenden a un importe de 362.389.325,292 pesetas (2.178.003,71 euros).

Así mesmo, hai que ter en conta que tras a resolución do contrato, unha vez adxudicada de novo a concesión para a construción e explotación do centro comercial da Praza Elíptica, foi preciso adaptar a construción existente no momento da resolución ó novo proxecto de construción. Do citado informe do Adxunto ó Director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, resulta que 556,90 m2 de

forxados non puideron ser aproveitados para a estrutura da nova concesión e tiveron que ser demolidos, importando as unidades de obra necesarias para tal adecuación a cantidade de 16.877.742 pesetas (101.437,27euros).

Podemos concluír, á vista destes datos, que INMIGA, S.L., realizou e abonou obras por un importe de 87.252.016 pesetas (524.395,18 euros). Cantidade na que se cifrou o enriquecemento inxusto da subseguinte adxudicataria PRAZADOURO, S.L., como consecuencia da recepción gratuíta destas obras, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de setembro de 2009.

A esta cantidade, en principio, teríamos que engadirlle o importe de 5.000.000 de pesetas (30.050,61 €) correspondente á fianza provisional constituída pola adxudicataria e que se lle incautou por acordo plenario de 3 de xullo de 1997. No entanto, dado que na cláusula 29 do PCAP se fixa como sanción específica polo incumprimento dos prazos establecidos para a execución do contrato, e no caso de que a administración contratante opte pola resolución do mesmo, a perda da fianza, non é preciso computar este importe no activo da liquidación.

- PASIVO

Unha vez fixado o activo é preciso determinar o pasivo. En primeiro lugar habería que computar no pasivo todos os gastos realizados pola Administración municipal para garantir a seguridade das obras xa realizadas, dende a data da paralización das mesmas por parte de INMIGA en 1995 ata a nova adxudicación do contrato relativo á construción e explotación da Praza Elíptica en data 29 de maio de 1998. Así, a Comisión de Goberno, en sesión de data 3 de novembro de 1995, acordou contratar a realización de traballos de recoñecemento do terreo e un estudio xeotécnico do entorno da Praza Elíptica á empresa INTEMAC, ante as sucesivas denuncias tanto dos técnicos municipais como dos técnicos integrantes da dirección de obras de construción do centro comercial e da urbanización da Praza Elíptica. Neste senso, temos que por de releve que, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12/12/1995, D. Paulino Pampillón Pérez, a sazón técnico integrante da dirección das obras, manifestaba que “a prolongación na paralización das obras da estrutura do edificio do centro comercial non garante a estabilidade da escavación existente” e acompañaba o seu escrito cun informe de PILOTES POSADA, S.A., empresa especializada en cimentacións, incidindo neste aspecto. Así mesmo, o enxeñeiro xefe do sector de infraestruturas, en data 13/12/1995, informa neste senso.

O contrato con INTEMAC foi formalizado en data 16 de febreiro de 1996, sendo o prezo do mesmo 4.981.603 pesetas (29.940,04 euros).

Forma parte tamén do pasivo a indemnización de danos e prexuízos que debe aboar INMIGA, S.L., a este Concello a resultas da resolución culpable do contrato. A fixación e valoración dos mesmos se verificará atendendo, entre outros factores, á demora que implique para a inversión proxectada e os maiores gastos, económicos e administrativos que ocasione á Administración (artigo 160 RGCE). Esta indemnización se cifra na diferenza entre o importe do contrato adxudicado que se resolve e o novo importe polo que se adxudique o contrato posterior.

Ante a dificultade de comparar dos contratos diferentes e con diferentes prazos, a xuízo da informante, os maiores custes económicos que representou para a administración municipal a nova adxudicación da praza elíptica se poderían cifrar na diferenza de custe das obras, que implicaron o ter que fixar un maior prazo de duración do contrato. Efectivamente, a Administración municipal para resolver o problema creado polo abandono das obras por INMIGA, S.L., que implicou a existencia dunha estrutura abandonada no centro da cidade que plantexaba serios problemas de seguridade, se viu na obriga de realizar un novo concurso cunhas condicións máis favorables para o futuro adxudicatario. Así, a INMIGA, S.L., se lle adxudicou un contrato mixto que comprendía prestacións correspondentes ó contrato de obras, un convenio urbanístico e un dereito real de superficie por un prazo de 75 anos e a PRAZADOURO, S.L., se lle adxudicou unha concesión de dominio público que incluía as obras de construción do centro comercial por un prazo de 99 anos.

O proxecto de execución da praza Elíptica elaborado por INMIGA, S.L., foi aprobado pola Comisión de Goberno na sesión de 21 de outubro de 1994, e o seu importe ascendía a 1.143.271.847 pesetas (6.871.202,19 euros).

O proxecto de execución da praza Elíptica elaborado por PRAZADOURO, S.L., foi aprobado polo Pleno do Concello na sesión de 9 de novembro de 1998, e o seu importe ascendía a 790.390.749 pesetas (4.750.344,07 euros), cantidade a que habería que engadirlle 466.519.084 pesetas (2.803.836,16 euros), importe das obras realizadas por INMIGA, S.L., e recepciónadas posteriormente por PRAZADOURO, S.L., ó serlle adxudicada a nova concesión. En consecuencia o proxecto total ascendería a 1.256.909.833 pesetas (7.554.180,24 euros).

A diferenza entre ambos proxectos é de 113.637.986 pesetas (682.978,05 euros).

Así mesmo, INMIGA, S.L., se comprometeu na súa oferta económica a aportar 20 millóns de pesetas (120.202,42 euros) para inversións do Concello, deixando a este a facultade de determinar o seu destino. Cantidade que debería computarse no pasivo por canto na nova adxudicación non se oferta ningunha cantidade neste concepto.

Os conceptos citados que conforman o pasivo suman 138.619.589 pesetas (833.120,51 euros). O pasivo supera o activo na cantidade de 51.367.573 pesetas (308.725,33 euros). En consecuencia, INMIGA, S.L., deberá ingresar esta cantidade nas arcas municipais.

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación. En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Aprobar a liquidación do contrato para a elaboración do proxecto de aparcamento e locais para usos terciarios baixo a denominada praza Elíptica, a construción dos mesmos, o alleamento do dereito de superficie con destino a aparcamento e usos terciarios baixo a praza Elíptica e a execución da urbanización do PERI da citada praza adxudicado a INMIGA, S.L., polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 31 de agosto de 1994. O activo a favor desta mercantil ascende a cantidade de 524.395,18 euros e o pasivo a cantidade de 833.120,51 euros, arroxando a liquidación un saldo negativo de 308.725,33 euros segundo o exposto no corpo deste escrito.

2º.- Requirir a INMIGA, S.L., que ingrese nas arcas municipais a cantidade de 308.725,33 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(79).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 22676/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 18.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos

Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de decembro-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

20(80).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2011 DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 22678/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 19.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 4º TRIMESTRE-2011, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 2.452'55 € (dous mil catrocentos cincoenta e dous euros con cincoenta e cinco céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

21(81).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2011. EXPTE. 22680/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 19.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles,

correspondentes ao mes de Decembro-2011 e que ascenden a un total 611'00 € (SEISCENTOS ONCE EUROS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

22(82).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2011. EXPTE. 22677/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 19.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Javier Fernández Riveiro e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 99'88 euros, correspondente ao mes de decembro de 2011 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

23(83).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 22675/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 19.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de decembro de 2011, e que ascenden a un total de 1.066'52 € (mil sesenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

24(84).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 22696/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 19.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de

Recursos Humanos, do 12.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Decembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	562,80	108,80	671,60
Policía Local	Decembro	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	41.314,19	26.442,48	67.756,67
Parque Central	Decembro	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.125,60	758,88	1.884,48
Parque Móbil	Decembro	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	702,50	903,72	1.606,22
Extinción Incendios	Decembro	De Alonso Covelo, Vicente a Villar Comesaña, José Antonio	3.955,68	748,00	4.703,68
Cemiterios	Decembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.739,67	0,00	2.739,67
Montes, Parques e Xardíns	Decembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.495,44	709,92	2.205,36
Desinfección	Decembro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	241,20	217,60	458,80
IMD	Decembro	De Rodríguez Presas, Julio	87,44	28,56	116,00
Limpeza	Decembro	De Hermida Sanmartín, Juan J.	205,02	236,64	441,66
	TOTALES		52.429,53	30.154,60	82.584,13

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 82.584,13 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(85).- RECURSO DE ALZADA CONTRA PRAZAS SUBALTERNO (OEP 2008) PRESENTADO POR D^a MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ ALLEGUE. EXPTE. 22702/220.

Dáse conta do informe-proposta da secretaria do Órgano de Selección para a provisión de once prazas de subalterno mediante oposición libre, do 16.01.12, que di o seguinte:

O órgano de selección por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

INFORME- PROPOSTA

D^a. M^a del Carmen López Allegue presenta recurso dealzada (doc.nº 110144047) contra o acordo do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de once prazas de subalterno a cubrir mediante oposición libre, reservándose dúas para persoas con discapacidade, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2008, de 27 de outubro de 2011 no que se que puntúa o primeiro exercicio da oposición, por non terse respectado o anonimato dos aspirantes na realización deste exercicio.

FEITOS:

A corrección dos exercicios realizouse en sesión de data 25 de outubro de 2011, agás o de Iria Terré González, se ben a data de publicación do resultado da corrección foi o 27 de outubro de 2011.

Examinado a contido do recurso o órgano de selección en data 10 de novembro de 2011, por unanimidade acorda informar:

“De conformidade coa resolución do Concelleiro de Xestión Municipal de 5 de abril de 2011, os exames foron corrixidos en data 25 de outubro de 2011 polo programa informático de corrección automática desenvolvido polo Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo. Este sistema de corrección é garante do anonimato dos aspirantes conforme ao regulado na base décimo sétima das xerais, pois asigna a cada un dos exercicios, identificados por un código, a nota que lle corresponde, indicando o número de preguntas ben contestadas, as mal contestadas e as deixadas en branco.

Posteriormente, unha vez que o Servizo de Informática facilitou o listado cos códigos e as correspondentes cualificacións resultantes da corrección automática, a secretaria asistida por unha funcionaria do Departamento de Recursos Humanos, dona Amelia Aragunde Martínez, procedeu a asignar a cada exercicio efectuado a súa nota, segundo o código que consta na folla de respostas cumprimentada por cada aspirante (co código do listado informático buscouse a folla de respostas física que tiña o mesmo código e aplicouse a nota resultante da corrección automática)”.

FUNDAMENTOS XURIDICOS.

O artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común dispón:

PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) acordando o cambio de denominación do posto de traballo código 250.04 ("Xefe/a Relacións Institucionais"), que pasará a denominarse "Xefe/a Relacións Fomento do Emprego", nos termos da instrución do servizo asinada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 18/01/2012, dispoñendo consecuentemente a reasignación do mesmo dende o Servizo de orixe (Medio Ambiente, Sanidade e Consumo) á Unidade Administrativa de Alcaldía (código 101).

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas respectivas, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e técnico de Planificación e Organización) e efectivos municipais afectados/as aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

34(94).- PROPOSTA CESE DE 12 AXUDANTES DE OFICIOS CONTRATADOS/AS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE POR TERSE CUBERTO AS PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22745/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito coa traballadora D^a. ROSA BORINES GONZÁLEZ, DNI 36.079.669-Y, nº persoal 80670, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115013, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

SEGUNDO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito co traballador D. JOSÉ NOVOA FIDALGO, DNI 44.464.706-W, nº persoal 80671, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115007, para o desempeño da praza de axu-

dante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

TERCEIRO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador D. MARCIAL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DNI 10.588.322-L, nº persoal 79571, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115026, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

CUARTO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador D. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ BASALO, DNI 36.051.598-H, nº persoal 79837, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115023, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

QUINTO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador, D. GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.052.359-C, nº persoal 80673, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115030, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

SEXTO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito coa traballadora D^a. ISABELCOMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, nº persoal 80674, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115013, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

SÉTIMO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador, D. EDUARDO VICENTE BEA PUENTES, DNI 36.143.294-J, nº persoal 80675, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de maio seguinte, con núm. de rexistro 115042, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

OITAVO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade subscrito co traballador, D. BRAIS CALLES ALONSO, DNI 36.165.326-B, nº persoal 80292, con data 6 de maio de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 19 de

maio seguinte, con núm. de rexistro 115046, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

NOVENO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito coa traballadora D^a. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, nº persoal 76577, con data 9 de decembro de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 16 de decembro seguinte, con núm. de rexistro 297032, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

DÉCIMO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito co traballador, D. CÁNDIDO BEA PUENTES, DNI 36.076.761-L, nº persoal 80680, con data 9 de decembro de 2008, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 16 de decembro seguinte, con núm. de rexistro 297034, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito co traballador, D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, DNI nº 76.700.547-D, nº persoal 79082, con data 11 de maio de 2009, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 13 de maio seguinte, con núm. de rexistro 82171, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

DÉCIMO SEGUNDO.- Declara-lo remate do contrato laboral de interinidade suscrito co traballador D. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.180.572-C, nº persoal 80215, con data 11 de xaneiro de 2010, rexistrado na Oficina de Emprego de López Mora en data 13 de xaneiro seguinte, con núm. de rexistro 7583, para o desempeño da praza de axudante de oficios, con efectos económicos e administrativos dende o día 31 de xaneiro de 2012, segundo os antecedentes anteriormente transcritos e as estipulacións do propio contrato de traballo.

DÉCIMO TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as, Servizo de Recursos Humanos, Organización e Planificación de Recursos Humanos, xefes/as dos Servizos aos que están adscritos os/as interesados/as, Intervención Xeral e, Comité de Persoal ós efectos oportunos.

DÉCIMO CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supos-

tos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

35(95).- CONVENIO ACORDO MINISTERIO DE FOMENTO, XUNTA DE GALICIA E CONCELLO DE VIGO, SOBRE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN CONXUNTO HISTÓRICO CASCO VELLO 13ª FASE. OBXECTIVOS 2011 DO PLAN DE VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 501/431.

Dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado pola concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª respectivamente; en datas 27.04.2006, 23.04.2007, 08.11.2008 e 04.12.2008, asínanse os convenios para as fases 7ª, 8ª, 9ª e 10ª para o mesmo ámbito, estas últimas ao abeiro do Plan Vivenda 2005-2008. En datas 22.02.2010 e 29.04.2011 asínanse os convenios correspondentes ás fases 11ª e 12ª ao abeiro do Plan de Vivenda 2009-2012.*
- En data 22.08.06 publícase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.*
- En data 18.05.07 publícase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco Vello de Vigo.*
- En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.*
- En data 21.12.2011 recíbese unha comunicación da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria - programa para os obxectivos 2011 da Área de Rehabilitación de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Fomento e informando a concesión a este Concello de 75 actuacións cunha financiación máxima para equipos técnicos adscritos de 74.250€ distribuídas segundo o 50% no 2012 e 50% no 2013, e financiación de obras de rehabilitación segundo as porcentaxes de 20% en 2013, 30% no 2014 e 50% no 2015 da contía total destinada á rehabilitación, e cunha subvención para obras de urbanización e reurbanización do 100% da contía subvencionable a recibir en 2016.*
- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será até o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de*

6.600 euros, e até o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.

- No artigo 47 do D. 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, establece que a subvención media máxima complementaria ás do Ministerio de Fomento, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con cargo aos seus orzamentos será de até o 25% do orzamento protexido das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, sen que a subvención media poida exceder de 5.000 euros, e até o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. Na cláusula cuarta "actuaciónes a cargo de la Comunidad autónoma", punto 6.4 referido a Áreas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio de Fomento para obras de urbanización e reurbanización, é de 135.000 euros(30%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 112.500 euros(25%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 202.500 euros (45%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.
- En data 18.01.2012 celébrase a 6ª Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación da Vivenda na que se lle dá o visto bo á memoria de actuacións correspondente á fase 13 do Casco Vello de Vigo.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma.

SEGUNDO.- Que se aprobe a memoria – programa á que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 75 actuacións de rehabilitación.

TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

CUARTO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(96).- CONVENIO ACORDO MINISTERIO DE FOMENTO, XUNTA DE GALICIA E CONCELLO DE VIGO, SOBRE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS 8ª FASE. OBXECTIVOS 2011 DO PLAN DE VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 502/431.

Dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado pola concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

- En datas 26.02.2004, 27.04.2006, 23.04.2007, 08.11.2007 e 08.12.2008 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo dentro da "Área de Rehabilitación Barrio Histórico de Vigo - Bouzas" para as fases 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª dentro do Plan de Vivenda 2005-2008. Con datas 22.02.2010 e 29.04.2011 asínanse os convenios correspondentes ás fases 6ª e 7ª para o mesmo ámbito, dentro do Plan de Vivenda 2009-2012.*
- En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*
- En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.*
- En data 21.12.2011 recíbese unha comunicación da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria - programa para os obxectivos 2011 da Área de Rehabilitación Integral de Casco Histórico de Bouzas, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Fomento e informando a concesión a este Concello de 25 actuacións cunha financiación máxima para equipos técnicos adscritos de 21.875€ distribuídas segundo o 50% no 2012 e 50% no 2013, e financiación de obras de rehabilitación segundo as porcentaxes de 20% en 2013, 30% no 2014 e 50% no 2015 da contía total destinada á rehabilitación, e cunha subvención para obras de urbanización e reurbanización do 100% da contía subvencionable a recibir en 2016.*
- No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será até o 40% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 5.000 euros, e até o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.*
- No artigo 46 do D. 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, establece que a subvención media máxima complementaria ás do Ministerio de Fomento, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con cargo aos seus orzamentos será de até o 40% do orzamento prote-*

xido das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, sen que a subvención media poida exceder de 5.000 euros, e até o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.

- En data 20.07.09, publicase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. Na clausula cuarta “actuaciones a cargo de la Comunidad autónoma”, punto 6.3 referido a Áreas de rehabilitación integral en barrios degradados e centros urbanos con carácter complementario ás axudas estatais previstas no RD 2066/2008 en materia de rehabilitación será ata o 40% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.
- A contía máxima que aportaría o Ministerio de Fomento para obras de urbanización e reurbanización, é de 25.000 euros (20%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 25.000 euros (20%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 75.000 euros (60%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo.
- En data 18.01.2012 celébrase a 6ª Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación da Vivenda na que se lle dá o visto bo á memoria de actuacións correspondente á fase 8 do Barrio Histórico de Bouzas.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas, Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma.

SEGUNDO.- Que se aprobe a memoria – programa á que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 25 actuacións de rehabilitación.

TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

CUARTO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(97).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE EDELNE S.L. , POR CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA RÚA BOLIVIA. EXPTE. 65162/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.01.12, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal a favor de Edelne, S.L. por importe de 932,93 euros (novecentos trinta e dous euros con noventa e tres céntimos), constituída pola realización dunha canalización eléctrica na rúa Bolivia 26.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(98).- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA “AVELLEMENTAMENTO ACTIVO” 2012-2013 E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE DE XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 70648/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica Responsable do Servizo de Persoas maiores e persoas con discapacidade, do 24.01.12, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da mesma, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as normas de funcionamento para o desenvolvemento do programa de Avellentamento Activo 2012/2013.

2º.- Aprobar as normas de funcionamento para o desenvolvemento da actividade de ximnasia para persoas maiores para os anos 2012/2013

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA “AVELLEMENTAMENTO ACTIVO” **Ano 2012/2013**

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) o *“envelhecimento activo é un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida, a medida que as persoas maiores envellecen”*.

O termo “Activo” fai referencia a unha participación continua nas cuestións sociais, económicas, culturais, espirituais e cívicas, non só a capacidade de estar fisicamente activos ou participar na man de obra. As persoas maiores que se retiran do traballo e as que están enfermas ou viven en situación de discapacidade poden seguir contribuíndo activamente coas súas familias, coa súa comunidade e coa súa cidade.

Para axudar as persoas maiores a envellecer activamente a Concellería de Política de Benestar vai realizar talleres e actividades dende o Programa de “Avellentamento Activo” que se levarán a cabo ao longo do ano 2012.

A - Talleres a desenvolver en centros cívicos, asociacións ou centros de persoas maiores

Obxectivo dos talleres

O principal obxectivo dos talleres é a prevención da dependencia.

Quen pode participar

Persoas con 65 anos ou máis con autonomía total para realizar o taller solicitado, empadroadas no concello de Vigo, independentemente de que sexan socios ou non do centro no que se imparte o taller.

Onde se solicita

As persoas interesadas en participar nos talleres do programa de “Avellentamento Activo” presentarán a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello,(se a presentan no centro ou asociación onde se vai impartir o taller será estes os responsables de presentala no Rexistro Xeral).

Cando se solicita

Ao longo de todo o ano ata o mes de setembro .

Prezo da actividade

A actividade será gratuíta.

Documentación a achegar

Cada solicitude irá acompañada de:

1.-Fotocopia do DNI do solicitante e do seu conxuxe ou parella.

2.-Xustificación documental dos recursos económicos:

2.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará :

- Fotocopia compulsada, positiva ou negativa, correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Se asina a autorización do Anexo II, esta información solicitarase directamente polo Concello á Agencia Tributaria)
- Fotocopia compulsada da/s pensión/s actual ou prestación/s (INSS, ou da entidade pagadora) que perciba
- No caso de non percibir pensión achegará certificado negativo

2.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os membros da parella, e terán que achegar a seguinte documentación :

- Fotocopia compulsada, positiva ou negativa, correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Se asina a autorización do Anexo II, esta información solicitarase directamente polo Concello á Agencia Tributaria)

- Fotocopia compulsada da/s pensión/s actual ou prestación/s (INSS, ou da entidade pagadora) que perciba
- No caso de non percibir pensión achegará certificado negativo

Cantas persoas poden participar en cada taller

En cada taller poderán participar un máximo de 20 persoas.
O taller non iniciará ata que exista un mínimo de 15 persoas.
En ocasións o monitor, e para o bo desenvolvemento do taller, poderá axustar o grupo ao espacio existente no centro ou asociación.

Selección dos participantes

No caso de que existan máis solicitudes que prazas será a técnica da Concellería de Política de Benestar a responsable de facer a selección dos participantes, tendo en conta o seguinte orden de criterios:

1ª Ingresos do solicitante:

Priorizaranse os ingresos mensuais netos por orden inverso á contía, e dicir terán preferencia as contías mais baixas.

2º A idade do solicitante:

Neste apartado primará a maior idade

3ª En caso de empate:

Terase en conta a data e hora da solicitude no rexistro xeral do concello

En caso de que o solicitante e a súa parella queiran participar na actividade, farase a media dos ingresos mensuais e da idade.

A Concellería de Política de Benestar comunicará:

- Ó Centro Cívico ou asociación ou centro de maiores onde se imparta o taller previamente solicitado:
 - A relación das persoas seleccionadas,
 - O día e hora do taller
 - Nome e teléfono do monitor/a responsable de impartilo
- Á monitora ou monitor:
 - Os centros e asociacións nos que se van impartir .
 - Días e horarios de cada taller.
 - A selección dos participantes do taller que vai a impartir.
 - Nome e teléfono da persoa responsable do centro ou asociación
- Aos solicitante notificaraselle ao seu domicilio :
 - A concesión, denegación ou pase a lista de agarda

Onde se poden impartir e características do lugar onde se imparte

Nos centros cívicos municipais e nos centros ou asociacións sen ánimo de lucro da cidade

As instalacións onde se desenvolva o taller contarán preferentemente con:

- Espacio suficiente para un grupo de 20 persoas.

- Accesibilidade, evitando as escaleiras.
- Iluminación, ventilación axeitada e calefacción.
- Evitaranse fontes de distracción tales como sons de teléfonos, ruídos ambientais, etc.
- Evitar zonas con columnas ou outros elementos que impidan o normal desenvolvemento da actividade.
- Disponibilidades de cadeiras e mesas necesarias para o grupo.
- Toda a documentación (carteis, fichas, debuxos, etc) que fagan referencia aos talleres subvencionados pola Concellería de Política de Benestar levarán o logo do Concello
- Os datos referentes aos participantes son do Concello de Vigo segundo o seguinte artigo da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, e os cederá para o desenvolvemento das actividades :

De acordo co previsto o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. E autorízase a reproducir calquera fotografía ou imaxe obtida durante a realización das diferentes actividades do programa de Avellentamento Activo.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei

Horario , duración e frecuencia

O taller desenvolverase nun tempo máximo de dúas horas un día a semana de mañá ou de tarde.

Data de inicio: febreiro 2012

Data final: 15 de decembro 2012 (este día xa non se terá actividade)

Vacacións: Dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro (ambos días sen actividade)

Unha vez á semana é unha periodicidade axeitada para que os participantes se vaian implicando progresivamente no curso, adquiran novos coñecementos e teñan oportunidades para aplicalos na súa vida cotiá.

O mesmo taller impartirase como máximo dous anos consecutivos no mesmo centro ou asociación.

Altas, baixas e listas de agarda de cada taller.

Corresponde á Concellería de Política de Benestar a xestión das baixas e altas nos talleres; nin os centros, nin as asociacións, nin os monitores poderán autorizar a participación nos talleres de novas persoas.

Altas :

As altas nos talleres levaranse a cabo tendo en conta prioritariamente os menores ingresos económicos e a maior idade entre as persoas que cumpren os requisitos para participar.

Unha vez cubertas as 20 prazas , so se poderán dar novas altas naqueles talleres nos que se produciran baixas definitivas ou suspensións temporais por enfermidade.

Para as novas altas seguiranse as listas de agarda existente en cada taller.

Para intentar a mínima obstaculización no desenvolvemento da actividade, as altas novas daranse ao inicio de cada mes, dende marzo a setembro.

Suspensións temporais

Serán motivo de suspensión temporal as seguintes causas:

- Por enfermidade ou ingreso hospitalario: Por tres faltas continuadas por motivo de operación cirúrxica o enfermidade grave (achegando xustificación). Unha vez finalizada a suspensión temporal o/a usuario/a poderá reincorporarse de novo ao taller.
- As prazas vacantes en cada taller procedentes dunha suspensión temporal cubriranse, sen que a incorporación da persoa que estaba en suspensión temporal implique que non poida continuar a persoa que a substituíu.
- As novas altas sairán da lista de agarda (tanto nas baixas definitivas como nas suspensións temporais por enfermidade).

Baixas definitivas

Serán motivo de baixas definitivas as seguintes causas:

- Renuncia voluntaria da persoa usuaria da actividade.
- Modificación das causas que deron lugar á concesión da actividade.
- Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión da actividade.
- TRES faltas continuadas sen xustificación

Lista de agarda:

Elaborarase unha lista de agarda en cada taller coas solicitudes recollidas, ordenadas segundo os criterios estipulados no apartado de selección dos participantes (ingresos e idade).

As persoas que se vaian incorporando ao longo do curso terán que presentar ó monitor ou monitora a carta de admisión no taller emitida pola Concellería de Política de Benestar.

Coordinación e seguimento dos talleres.

Corresponde á técnica do Servizo de persoas maiores da Concellería de Política de Benestar a planificación, coordinación e seguimento dos talleres.

A contratación dos monitores farase por parte da concellería de Política de Benestar.

O/a monitor/a será o/a responsable de:

- Facer a presentación do taller que se vai impartir.
- Remitir ó servizo de maiores na primeira semana de cada mes o control de asistencia de cada taller, que se xustificará co parte de sinaturas.
- Elaborarán una avaliación ao final de cada taller.
- Pasarán a cada alumno a enquisa de satisfacción elaborada polo servizo de maiores.
- Comunicar calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento do taller.
- Consultar previamente ao servizo de maiores, calquera acambio a efectuar no taller.
- No departamento de Política de Benestar existirá unha copia do material entregada en cada taller.
- Será por conta do monitor as picas, pelotas, aros, mazos, etc necesarios na actividade.
- Toda a documentación (carteis, fichas, debuxos, etc) que fagan referencia aos talleres subvencionados pola Concellería de Política de Benestar levarán o logo do Concello.
- Os datos referentes aos participantes son do Concello de Vigo segundo o seguinte artigo da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, que os cederá para o desenvolvemento das actividades.

De acordo co previsto o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. E autorízase a reproducir calquera fotografía ou imaxe obtida durante a realización das diferentes actividades do programa de Avellentamento Activo.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei

Descrición dos Talleres que se ofertan no ano 2012

O obxectivo xeral dos talleres e actividades é envellecer activamente e previr a dependencia.

4. Musicoterapia:



É unha disciplina terapéutica que favorece o desenvolvemento motriz, sensorial, cognitivo e da personalidade empregando o son, a música e o movemento corporal.

5. Memoria activa



É a capacidade de rexistrar, reter e recordar. Neste taller realízase o adestramento e habilidades de memoria para proporcionar unha mellora importante na calidade de vida, no traballo continuado, favorecer a redución de preocupacións polas faltas de memoria xeralmente benignas, e reducir a ansiedade que estas preocupacións producen.


6. Risa activa



É un espazo onde cultivar e fortalecer a actitude positiva ante a vida, coñecer os mecanismos físicos e mentais para promover a saúde e experimentar técnicas e recursos para rir en grupo, divertirse e gozar xerando unha vida de alta calidade.

A risa axuda a estimular o funcionamento dos órganos do corpo, relaxarse e provocar momentos de pracer e alegría

7. Danzas do mundo.



A danza é unha disciplina terapéutica que utiliza o son , a musica, o corpo e todo modo de expresión co fin de mellorar a calidade de vida a través do exercicio, do baile, da coordinación, divertíndose na mellor compañía.

8. Relaxación e movemento.

Relaxación !!!!



Consiste en traballar para mellorar e estimular a capacidade de relaxación e concentración, a prevención de tensións innecesarias, liberar contracturas e bloqueos que impiden movementos, mellorar o sostén, apoio, coordinación e enerxía.

9. Saúde e diversión

É un programa de actividade física creativa no que os obxectivos se acadan a través de propostas lúdicas e recreativas, fuxindo do cotián e tradicional. Así traballárase mediante xogos de socialización, de coñecemento, de afirmación, de distensión, de cooperación, de comunicación... entre outros, utilizando dous elementos básicos: o material e a música. En canto ó material, utilizarase tanto material tradicional (pelotas, aros, picas, globos...) como material alternativo (papeis de periódico, telas, paracaídas, abanicos...), o cal nos axudará a facer as sesións máis creativas e participativas.



10. Taller de saúde: Vivir en positivo



As persoas maiores poden desenvolver habilidades emocionais, mentais, e físicas para unha vida máis relaxada, alegre e positiva.

Baseado nunha psicoeducación para a saúde a través de pensamentos positivos e optimistas, respiración alegre, movemento creativo e dinámicas para gozar do grupo

11. Taichi:



É un exercicio que favorece o equilibrio, a flexibilidade, o estado do sistema cardiovascular, a mobilidade articular e o traballo coordinado.

12. Ioga



Comprende sinxelos exercicios adaptados ás características dos participantes que, aumentan a mobilidade, axudan mellorar a calma e tranquilidade interna e acadar maior autoestima.

13. Informática:



Con este taller apostamos pola idea de que as persoas maiores se desenvolvan persoalmente e se sintan socialmente útiles, se relacionen con outras persoas, se acheguen ás xeracións máis novas e colaboren na mellora das necesidades do seu entorno.

É un proceso de información de forma automática.

Os talleres realizarase en instalacións municipais de mañán ou de tarde, cunha duración de 20 horas cada un e contarán como máximo con 15

persoas

14. Pilates:



O Pilates é un sistema de entrenamiento físico e mental. Este método céntrase no desenvolvemento dos músculos internos par mantere o equilibrio corporal e dar estabilidade e firmeza a columna vertebra. É moi usado como terapia de rehabilitación por exemplo para prevenir e curar a espalda

ANEXO I
SOLICITUDE PARTICIPANTES DE AVELLAMENTAMENTO ACTIVO

ApelidosNome
NIFData nacemento.....
Enderezo CP.....
TeléfonoIngresos mensuais:.....
¿Ten vostede autonomía persoal?.....Si[≡] Non[≡]

Preferencia de centro cívico ou asociación no que se realice o taller	
Preferencia de taller a realizar:	

Datos do/a conxuxe ou parella

ApelidosNome
NIFData nacemento.....
TeléfonoIngresos mensuais:.....
¿Ten vostede autonomía persoal?.....Si[≡] Non[≡]
¿Quere participar no taller?.....Si[≡] Non[≡]

En caso afirmativo facilítenos os seguinte datos :

Preferencia de centro cívico ou asociación no que se realice o taller	
Preferencia de taller a realizar:	

De acordo co previsto o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. E autorízase a reproducir calquera fotografía ou imaxe obtida durante a realización das diferentes actividades do programa de Avellamento Activo.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei.

Vigo,, de, de 2012.

Asdo.:Asdo.:

Documentación a presentar:

1.-Fotocopia do DNI do solicitante e do seu conxuxe ou parella.

2.-Xustificación documental dos recursos económicos

Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante e no seu caso do seu cónxuxe ou parella e achegarán ambos a seguinte documentación :

■ *Fotocopia compulsada, positiva ou negativa, correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Se asina a autorización do Anexo II, esta información solicitarase directamente polo Concello á Agencia Tributaria)*

■ *Fotocopia compulsada da/s pensión/s actual ou prestación/s (INSS, ou da entidade pagadora) que perciba*

■ *No caso de non percibir pensión achegará certificado negativo*

No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os membros da parella.

ANEXO II AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DATOS

D/Dª.....NIF.....

AUTORIZA ao Concello (Departamento de SS.SS) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude (IRPF)

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 2012

Asdo.:

D/Dª.....NIF.....

AUTORIZA ao Concello (Departamento de SS.SS) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude (IRPF)

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 2012

Asdo.:

ANEXO III AVELLEMENTAMENTO ACTIVO 2012

SOLICITUDE PARA AS ENTIDADES

Nome da entidade..... Tlf.

Correo electrónico..... Fax

Enderezo do local.....

Horario de funcionamento.....

Nome do/a presidente/a

A entidade reseñada con anterioridade SOLICITA participar nas actividades de programa Avellentamento Activo, organizadas e subvencionadas pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Ao longo do ano 2012 realizaranse os talleres e actividades seguintes:

▣ TALLERES DE:

- Musicoterapia
- Memoria activa
- Risa activa
- Danzas do mundo
- Relaxación e movemento
- Taller de saúde: Vivir en positivo
- Pilates
- Saúde e Diversión
- Yoga
- Taichi
- Informática

Sinale dúas opcións por orde de preferencia :

1ª 2º

Preferencia da entidade para o calendario de desenvolvemento da actividade:

Pola mañá = Pola tarde =

Día da semana, de luns a venres:

Horario:

Tipo de instalacións:

Salón de actos = Aula de seminarios = Vestíbulo =

Nome da persoa responsable da entidade:

Teléfono particular:.....

A solicitude de participación deberá ser entregada no Rexistro Xeral, na planta baixa do Concello

Data

Sinatura

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE DE XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES

INTRODUCCIÓN

Dende a concellería de Política de Benestar e dentro do programa de avellentamento activo para as persoas maiores vaise realizar a actividade de ximnasia .

A actividade deportiva para este colectivo non pode ser concebida para gañar medallas o batir records, se non dirixida dende a perspectiva da saúde e a recreación.

Ao longo dos anos producíronse distintos cambios no colectivo das persoas maiores un deles foi o aumento cuantitativo das persoas maiores de 65 anos e dentro de este sector o relativo aos maiores de 80 anos.

Pasamos dunha sociedade con moitos nacimentos e moitos falecementos a unha sociedade donde hai poucos nacimentos e poucos falecementos.

É importante cuidarse fisicamente para vivir moitos anos pero moito máis importante é cuidarse para vivilos ben.

A ciencia demostrou que practicar exercicio é especialmente eficaz para seis enfermidades específicas: cardiopatía isquémica, hipertensión, obesidade, diabete, osteoporose e as relacionadas cos estados de ánimo: depresión, ansiedade, etc.

Datos do padrón de habitantes do Concello de Vigo do ano 2010

Idades	Total	Homes	%	Mulleres	%	% Total
66-85	44002	18351	6,13	25651	8,57	88,27
>86	5842	1606	0,54	4236	1,42	11,72
> 65	49844	19957	6,67	29887	9,99	

É de reseñar o alto porcentaxe de mulleres nas persoas >86 anos en relación cos homes.

Idade media avellentamento	79,9
----------------------------	------

OBXECTIVOS DO PROXECTO:

- Retardar o deterioro funcional e prevenir a dependencia na vida diaria.
- Ocupación do tempo libre
- Mellorar a calidade de vida
- Potenciar a comunicación e as relacións interpersoais.

PRAZAS OFERTADAS

No programa de ximnasia para persoas maiores ofertárense 250 prazas

REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR:

- Estar empadroado no Concello
- Ter 65 anos ou máis no momento da solicitude
- Contar con autonomía para realizar a actividade.

- Non superar os ingresos netos de 642,00€ ao mes/persoa (no caso de non cubrir as prazas ofertadas, abrírase unha nova convocatoria)

PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes presentadas no rexistro xeral do Concello terá validez ata a finalización da actividade o 15 de decembro do ano 2013.

O prazo de solicitudes será ata o día 17 de febreiro de 2012.

A partir desta data, as solicitudes que se presenten pasarán a lista de espera.

PREZO DA ACTIVIDADE

A actividade será gratuita

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

Cada solicitude irá acompañada de:

1.-Fotocopia do DNI do solicitante e do seu conxuxe ou parella.

2.-Xustificación documental dos recursos económicos:

2.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará :

- Fotocopia compulsada da/s pensión/s actual ou prestación/s (INSS, ou da entidade pagadora) que perciba
- Fotocopia compulsada, positiva ou negativa, correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Se asina a autorización do Anexo II, esta información solicitarase directamente polo Concello á Agencia Tributaria)
- No caso de non percibir pensión achegará certificado negativo

2.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os membros da parella. Tendo que aportar o cónxuxe o parella a mesma documentación do apartado anterior.

3.-Informe médico no que se faga constar que esta apto para a realización da actividade.

SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

No caso de que existan máis solicitudes que prazas será a técnica da Concellería de Política de Benestar a responsable de facer a selección dos participantes, tendo en conta o seguinte orden de criterios:

1º Ingresos do solicitante:

Priorizaranse os ingresos mensuais netos por orden inverso á contía, e dicir terán preferencia as contías mais baixas.

2º A idade do solicitante:

Neste apartado primará a maior idade

3º En caso de empate:

Terase en conta a data e hora da solicitude no rexistro xeral do concello

En caso de que o solicitante e a súa parella queiran participar na actividade farase a media dos ingresos mensuais e da idade.

GRUPOS XIMNASIA

- Realizaranse 12 grupos de ximnasia, cada grupo terá 20 persoas, e impartirase dúas veces a semana durante 45 minutos.

VIXENCIA DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria irá dende:

- Febreiro de 2012 ata o 15 de decembro de 2012
- Dende o 15 de xaneiro de 2013 ata o 15 de decembro de 2013
- Cada ano existirá un periodo vacacional dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro.

LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade de ximnasia levarase a cabo nas seguintes instalacións:

- ✓ Pavillón Central (Travesas)
- ✓ Pavillón de Lavadores
- ✓ Pavillón de Teis
- ✓ Pavillon do Berbés
- ✓ Bouzas
- ✓ Coia

ALTAS, BAIXAS E LISTAS DE AGARDA

Corresponde á Concellería de Política de Benestar a xestión das baixas e altas na actividade de ximnasia,

Altas :

As altas levaranse a cabo tendo en conta prioritariamente os menores ingresos económicos e a maior idade entre as persoas que cumpren os requisitos para participar.

Unha vez cubertas as 20 prazas , so se poderán dar novas altas naqueles grupos nos que se produciran baixas definitivas ou suspensións temporais por enfermidade.

Para as novas altas seguiranse as listas de agarda existente en cada grupo.

Para intentar a mínima obstaculización no desenvolvemento da actividade, as altas novas daranse ao inicio de cada mes.

Baixas temporais

Serán motivo de suspensión temporal as seguintes causas:

- ➔ Tres faltas ou mais continuadas por motivo de operación quirúrxica o enfermidade grave (achegando xustificación).

Unha vez finalizada a suspensión temporal o participante poderá reincorporarse de novo ao grupo.

- As prazas vacantes en cada taller procedentes dunha suspensión temporal cubriranse, sen que a incorporación da persoa que estaba en suspensión temporal implique que non poida continuar a persoa que a substituíu.
- As novas altas sairán da lista de agarda (tanto nas baixas definitivas como nas suspensións temporais por enfermidade)

Baixas definitivas

Serán motivo de baixas definitivas as seguintes causas:

- Renuncia voluntaria da persoa usuaria da actividade.
- Modificación das causas que deron lugar á concesión da actividade.
- Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión da actividade.
- Tres faltas continuadas sen xustificación

Lista de agarda:

Elaborarase unha lista de agarda coas solicitudes recollidas, ordenadas según os criterios estipulados no apartado de selección dos participantes (ingresos e idade)

As persoas que se vaian incorporando ao longo do curso terán que presentar ó monitor ou monitora a carta de admisión no grupo de ximnasia emitida pola Concellería de Política de Benestar.

Coordinación e seguimento dos grupos de deporte

Corresponde á técnica do Servizo de persoas maiores da Concellería de Política de Benestar a planificación, coordinación e seguimento dos grupos da actividade de ximnasia.

A contratación dos monitores farase por parte da concellería de Política de Benestar.

O/a monitor/a será o/a responsable de :

- Facer a presentación da actividade
- Remitir ó servizo de maiores na primeira semana de cada mes o control de asistencia de cada grupo, que se xustificará co parte de sinaturas.
- Elaborarán unha avaliación ao final do ano.
- Pasarán a cada alumno a enquisa de satisfacción elaborada polo servizo de maiores.
- Comunicar calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da actividade.
- Consultar previamente ao servizo de maiores, calquer cambio a efectuar.
- Toda a documentación (carteis, fichas, debuxos, etc) que fagan referencia a actividade de ximnasia, subvencionada pola Concellería de Política de Benestar levará o logo do Concello.
- No departamento de Política de Benestar existirá unha copia do material entregado aos alumnos.
- Será por conta do monitor o material necesario para levar a cabo a actividade.
- Os datos referentes aos participantes son do Concello de Vigo segundo o seguinte artigo da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, que se cederán para o desenvolvemento da actividade de ximnasia.

De acordo co previsto o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. E autorízase a reproducir calquera fotografía ou imaxe obtida durante a realización das diferentes actividades do programa de Ximnasia para persoas maiores.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei

ANEXO I
SOLICITUDE PARTICIPANTES DE XIMNASIA

ApelidosNome

NIFData nacemento.....

Enderezo CP.....

TeléfonoIngresos mensuais:.....

¿Ten vostede autonomía persoal?.....Si[≡] Non[≡]

Marque cun x o Pavillón preferente

Travesas: [≡]

Teis: [≡]

Lavadores: [≡]

Berbés: [≡]

Bouzas: [≡]

Coia: [≡]

Datos do/a conxuxe ou parella

ApelidosNome

NIFData nacemento.....

TeléfonoIngresos mensuais:.....

¿Ten vostede autonomía persoal?.....Si[≡] Non[≡]

¿Quere participar na ximnasia?..... Si[≡] Non[≡]

En caso afirmativo marque cun x o Pavillón preferente

Travesas: [≡]

Teis: [≡]

Lavadores: [≡]

Berbés: [≡]

Bouzas: [≡]

Coia: [≡]

De acordo co previsto o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. E autorízase a reproducir calquera fotografía ou imaxe obtida durante a realización das diferentes actividades do programa de Avellentamento Activo.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada lei.

Vigo,, de, de 2012.

Asdo.: Asdo.:

Documentación a presentar:

1.-Fotocopia do DNI do solicitante e do seu conxuxe ou parella.

2.-Xustificación documental dos recursos económicos

Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante e no seu caso do seu cónxuxe ou parella, achegarán ambos a seguinte documentación :

- Fotocopia compulsada, positiva ou negativa, correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Se asina a autorización do Anexo II, esta información solicitarase directamente polo Concello á Axencia Tributaria)
- Fotocopia compulsada da/s pensión/s actual ou prestación/s (INSS, ou da entidade pagadora) que perciba
- No caso de non percibir pensión achegará certificado negativo

No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os membros da parella.

3.- Informe médico da persoa solicitante de ximnasia indicando que é apta para realizar a actividade.

39(99).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA O EXERCICIO 2012. EXPTE. 1250/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convotaria de axudas convocadas polo Instituto Enerxético de Galicia a proxectos de enerxías renovables con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, para a execución dos proxectos que a continuación se indican:

- Instalación solar fotovoltaica de 10 kW na Lonxa do Concello de Vigo
- Inst. fotovoltaica de 10 kW no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo.
- Caldeira de biomasa no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo
- Caldeira de biomasa na Piscina Municipal de Teis.
- Instalación solar térmica na Piscina Municipal de Teis.
- Instalación solar fotovoltaica de 10 kW no CEIP Ría de Vigo.
- Instalación solar fotovoltaica de 6 kW na estación de bombeo R/Coruña.
- Caldeira de biomasa na Escola Municipal de Música.
- Aeroxerador e fotovoltaica - Glorieta PTLV.
- Aeroxerador e fotovoltaica - Glorieta Beade – Carneiras
- Aeroxerador e fotovoltaica - Aparcadoiro Complexo Deportivo Samil.
- Enerxías renovables na Rúa Aragón.

- Enerxías renovables na Rúa Pintor Colmeiro.
- Marquesina fotovoltaica na R/Brasil.
- Marquesina fotovoltaica na Avda. Martínez Garrido.

40(100).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO ESPAZO VERDE CENTRAL E DAS PRAZAS RESTANTES “ETAPA II. P.P. NAVIA”. EXPTE. 112/403.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe, do técnico de Admón. Xeral , do 25.01.12, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data 29.04.2011 tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (DOC. 110058787) unha instancia asinada polo xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) e do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), pola que solicita a recepción da urbanización do espazo verde de Navia e das prazas públicas 4 e 7 da citada urbanización, achegando como documentación anexa unha acta de 27.04.2011 de entrega formal por parte de Xestur Pontevedra, S.A. ao IGVS das obras de urbanización do espazo verde de Navia e das prazas públicas 4 e 7 da citada urbanización, copia do certificado de final de obra de 14.04.2011, con visado colexial de 19.04.2011 e un plano coa lenda «Plano recepción final obra espazo verde de Navia (y plazas 4 y 7)», e copia dilixenciada da acta de recepción das obras correspondentes á finalización das obras de urbanización do espazo verde de Navia (incluídas as prazas 4 e 7), que foron executadas por Movexvial, S.L.

II.- O 06.05.2011, segundo informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas da mesma data, solicitouse á CMATI-IGVS a remisión dun xogo completo dos planos finais de execución “as-built” da totalidade da obra, co obxecto de completar o expediente e poder emitir os informes por parte dos distintos departamentos municipais, do que se deu conta na mesma data aos departamentos de Limpeza, Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns.

III.- O 24.05.2011 (DOC. 110076037) o xefe da área provincial do IGVS remitiu á Xerencia Municipal de Urbanismo un DVD co resumo final da obra, en cuxa caixa hai un adhesivo do rexistro de saída de Xestur Pontevedra coa clave «DOC 0258 – 18/05/2011»; na portada consta un selo do rexistro de entrada do IGVS datado a 23.05.2011, en cuxo reverso se atopa o índice dos documentos incluídos no DVD que se transcribe:

“ÍNDICE:

- CERTIFICADO FINAL DE OBRA
- DOCUMENTO
- PROXECTO URBANIZACIÓN DO ESPAZO VERDE DE NAVIA (FEB-2007)
- PROXECTO MODIFICADO Nº1 (ACT-2008)
- PROXECTO MODIFICADO Nº2 E COMPLEMENTARIO (MAR-2010)
- PROXECTO INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA

- DOCUMENTO FINAL dirección facultativa JASC:
 - CERTIFICADO FINAL DE OBRA págs. 3-4

- ACTA DE RECEPCION	págs. 5-6
- ACTA DE INICIO	págs. 7-9
- FOTOGRAFIAS	págs. 10-14
- CARACTERISTICAS DE MATERIALES	págs. 15-46
- PLANOS	págs. 47-51
- PROYECTO ELECTRICO Y ALUMBRADO	págs. 52-337
- DOSSIER ACTAS VISITAS DE OBRA	págs. 338-611
- CONTROL DE OBRA EPTISA	págs. 612-1.151
- PROYECTO ENERIA SOLAR Y CERTIFIC.	págs. 1.152-1.275"

IV.- Na mesma data (DOC. 110076031) rexistrouse no Rexistro xeral do Concello de Vigo un escrito do Director Xeral do IGVS, polo que indicaba que o organismo ao que representa entende que se procedeu de xeito implícito á recepción das obras indicadas no apartado anterior polo Concello.

V.- O 05.08.2011 deuse traslado ao IGVS dos seguintes informes:

- informe de 04.08.2011 do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns no que informa da existencia dunha serie de deficiencias no espazo verde da urbanización de Navia, que relaciona baixo os epígrafes "Céspedede", "Arbustos", "Arborado", "Camiños", "Area verde en tramex" e "Sistema de rego", advertindo tamén de que as prazas 4 e 7 pendentes de recepción presentan árbores secas e malas herbas entre o pavimento e o areiro.

- informe de 05.08.2011 do Departamento Técnico da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) no que informa favorablemente sobre os compoñentes e a instalación solar fotovoltaica contemplados no proxecto modificado da urbanización do espazo verde de navia, indicando que queda pendente a conexión física da instalación solar fotovoltaica ao centro de transformación, sinalando que Unión Fenosa Distribución e a empresa construtora Movexvial, S.L. atribúense unha á outra reciprocamente a obriga de instalar o cableado necesario para a realización da dita conexión.

- informe de 05.08.2011, do xefe dos Servizos Electromecánicos, no que relaciona deficiencias a corrixir baixo os apartados "Iluminación Pública" e "Estanques".

VI.- O 24.10.2011, o Xefe dos Servizos Enerxéticos informa favorablemente, salvo vicios agochados, a recepción da instalación de iluminación pública e fontes ornamentais do espazo verde e as prazas públicas de San Paio de Navia, indicando que cumpre coa normativa vixente, en especial o Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto (REBT), o Regulamento Municipal regulador das instalacións de iluminación pública do Excmo. Concello de Vigo, e manifestando que se axusta ao descrito no proxecto e as modificacións aprobadas polo Servizo.

Así mesmo, sinala que ata a recepción definitiva o mantemento integral da instalación de alumeado e das fontes corresponde á propiedade, e que unha vez recibido se fará unha visita conxunta de inspección antes de pasar as instalacións a mantemento (municipal), e que se como consecuencia da mesma se observasen deficiencias, estas deberán emendarse á maior brevidade posible.

VII.- O 16.01.2012, o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas remitiu oficio ao Departamento de Montes, Parques e Xardíns a fin de que evacuasen informe sobre as instalacións da súa competencia do proxecto de urbanización dos espazos verdes de Navia.

En atención ao citado oficio, con data 24.01.2012, o enxeñeiro de montes informa favorablemente indicando que as obras se axustan substancialmente ao proxecto aprobado,

senalando que queda pendente a comprobación e posible rectificación puntual do sistema de rego.

VIII.- O 17.01.2012 (DOC. 120004690), tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo un escrito asinado polo Director Xeral do IGVS, no que indica que o Concello deberá facerse cargo do mantemento e conservación das instalacións do espazo verde de Navia e das dúas prazas públicas.

IX.- A fundación FAIMEVI emitiu un novo informe o 24.01.2012, esta vez favorable na súa integridade, polo que as deficiencias contidas no informe anterior se entenden emendadas correctamente.

X.- O 25.01.2012, o Director adxunto dos Servizos Técnicos e o enxeñeiro técnico de obras públicas, coa conformidade do Director dos Servizos Técnicos, emitiron informe favorable á recepción interesada, co seguinte contido:

“Con fecha 29/04/11, el I.G.V.S. presentó escrito (N° Doc. 110058787) solicitando la recepción de la Zona Verde Central y de las dos plazas restantes que dan frente a la calle Teixugueiras.

Con fecha 24/05/11 el I.G.V.S., presenta un DVD que contiene la documentación relativa al Proyecto inicial, a los Proyectos Modificados nº1 y nº2, al Proyecto Complementario, y toda la relativa a la obra realmente ejecutada incluyendo el Control de Calidad de las obras, las Actas de Comprobación de Replanteo, de Recepción de las obras por parte del I.G.V.S., así como el Certificado final de Obra de la Dirección Facultativa.

Requeridos informes a los departamentos de Electromecánicos y Montes, Parques y Jardines, así como a FAIMEVI, se adjuntan los mismos que resultan favorables.

Con respecto al resto de capítulos integrantes del Proyecto de estas obras, cabe informar que los mismos se ejecutaron conforme al mismo, y su estado de conservación es aceptable.

Por todo lo anterior los técnicos que suscriben, salvo superior criterio, entienden que puede accederse a lo solicitado. ”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)

- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *As obras cuxa recepción se solicita pola CMATI, segundo informan os Servizos Técnicos da XMU, foron executadas consonte ao proxecto de urbanización de febreiro de 2007 (exp. 4903/401), modificado en dúas ocasións e complementado (outubro de 2008 e febreiro de 2010).*

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo non dispón de instrucións ou protocolos específicos para a recepción de obras de urbanización como a deste suposto, por tratarse a promotora dunha entidade de dereito público, á que non resulta subxectivamente aplicable o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2009 (BOP n.º 222, de 17.11.2009)

2.- *Constan no expediente os informes favorables dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo e dos Servizos Municipais de Electromecánicos e Limpeza, Parques e Xardíns, así como da fundación FAIMEVI no referente á instalación eléctrica fotovoltaica, executada segundo manifesta consonte ao proxecto «INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE 50 KW CON CONEXIÓN A RED, EN ESPACIO VERDE SAN PAIO DE NAVIA», redactado polo enxeñeiro industrial D. Manuel Núñez Núñez con data 17.03.2011, integrado no proxecto de urbanización.*

En cumprimento do disposto no art. 4.3.4.2 das NN.UU. do PXOM, segundo indican os Servizos Técnicos na documentación achegada pola peticionaria contense a documentación de control de calidade das obras, precisa para que o Concello poida proceder á recepción das obras de urbanización.

3.- *O art. 110.5 da LOUGA dispón que a recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Administración non resolva expresamente sobre ela no prazo de tres meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.*

4.- Na actualidade, o art. 235 do TRLCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Admón. representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

5.- Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daralas por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un (1) ano. Durante ese prazo de garantía, o propietario coidará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Administración e a custa do contratista os traballos precisos para evitar o dano (art. 167 RXLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (art. 236 TRLCSP).

6.- Tal como se ven manifestando reiteradamente nos informes dos servizos xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión, as normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a LOUGA, non contemplan a necesidade de adoptar un acordo municipal expreso para recibir formalmente obras de urbanización como as de referencia, esixíndose unicamente a redacción dunha Acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta na que se constate que as obras están en bo estado e son conformes co proxecto aprobado.

7.- A recepción das obras de urbanización é unha decisión marcadamente técnica e, no senso exposto, o Director adxunto dos Servizos Técnicos da XMU emitiu informe favorable á recepción definitiva das incluídas neste proxecto. Polo que antecede, non procede formular proposta xurídica ningunha, realizándose a proposta de recepción das obras en cuestión polo propio Director dos Servizos Técnicos da XMU, dando cumprimento así tamén ao disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

8.- De estimarse oportuno adoptar acordo con base na proposta técnica mencionada que se efectúe, o órgano competente para pronunciarse sería a Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LRBRL), previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU (art. 10.1.j] dos Estatutos da XMU).

De seguido, o Director dos Servizos Técnicos co conforme da Xerente de Urbanismo formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 13.01.12, acorda someter a precedente proposta á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Recíbanse as obras de urbanización da zona verde central e das prazas 4 e 7 do Plan Parcial de Navia, executadas consonte ao proxecto de urbanización (exp. 4903/401).

SEGUNDO: Déase traslado do acordo de recepción ao Instituto Galego de Vivenda de Solo (IGVS) ós efectos de proceder á comprobación e posible rectificación puntual do sistema de rego.

TERCEIRO: Déase traslado do acordo de recepción á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, á fundación FAIMEVI e aos servizos municipais de Limpeza, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Vías e Obras, Mobilidade, Transportes e Seguridade, e ás empresas AQUALIA e UNIÓN FENOSA.

41(101).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA A D. JAVIER ALBERTO BENAYAS CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE TÉCNICO DE SISTEMAS INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22754/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 26.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de Técnico de Sistemas, ao seguinte aspirante proposto polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -18,00 puntos-, D. JAVIER ALBERTOS BENAYAS, con DNI nº 36.119.103-H.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Tesorería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefe/a do Servizo de Administración Electrónica e, Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

42(102).- SOLICITUDE DE CERTIFICADO PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICITATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “TEIXUAPPS”. EXPTE. 8730/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

De acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 26.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado **“TeixuAPPS”** sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.- Cooperación e apoio cara a axili-
zar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en fun-
cionamiento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na conce-
sión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas
bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000,
sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

43(103).- ASISTENCIA DE D. OSCAR MIGUEL VEGA ANDIÓN ÁO IX CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DERECHO PÚBLICO LOCAL. EXPTE. 11446/541.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do tesoureiro, do 4.01.12, conformado pola concelleira da Área de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a D^a Óscar Miguel Vega Andión, funcionario de carreira do Concello de Vigo, co posto de traballo de Economista adscrito ao Departamento de Tesouraría, a participar no IX Curso de Especialización en Dereito Público Local convocado polo Instituto Andaluz de Administración Pública mediante resolución do 21 de novembro de 2011 (DOJA número 236) e organizado polo Centro de Estudos Municipais e de Cooperación Internacional, organismo autónomo da Deputación Provincial de Gra-

nada e a asistir ás clases presenciais que terán lugar en Granada, Praza Mariana Pineda número 8, nas datas de 2 e 3 de febreiro, 1 e 2 de marzo, 12 e 13 de abril, 10 e 11 de maio, 14 e 15 de xuño, 5 e 6 de xullo.

Os desprazamentos realizaranse por medios de transporte público, preferentemente avión, pero se autoriza expresamente a utilización de vehículo particular no suposto de que sexa necesario.

2º.- A Comisión dará comezo pasadas as 14:00 do día 1 de febreiro, 29 de febreiro, 11 de marzo, 9 de maio, 13 de xuño e 4 de xullo e rematará pasadas as 22:00 horas dos días 3 de febreiro, 2 de marzo, 13 de abril, 10 de maio, 15 de xuño e 6 de xullo respectivamente.

3º.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación, segundo o disposto no apartado 10.1 da Resolución da Secretaria Xeral do Estado para as AAPP, do 20 de decembro de 2005.

4º.- O desprazamento entre o aeroporto, estación de ferrocarril ou autobús de Granada e o lugar de aloxamento, tanto ao comezo como á finalización da comisión, levarase a cabo en bus urbano ou en taxi, no suposto de que non se utilice o transporte particular.

5º.- Autorizar o gasto de 1.860,66 (103,37*18) en concepto de dietas por manutención e aloxamento, e 3.600 € (600*6) en concepto de gastos de viaxe, así como os gastos de 1.300€ en concepto de matrícula. Os importes anteriores libranse, en dúas ocasións, como fondos a xustificar por un importe cada un deles da metade do importe total anteriormente mencionado e expediranse a nome do Tesoureiro, D. Alberto Escariz Couso, con NIF 36097029R.

44(104).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.